www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16

Special Olympics Galicia

# Departamento de Comunicación

# DOSSIER PRENSA



www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16

# NOTA DE PRENSA

## Os XII Xogos Autonómicos de Atletismo Special Olympics Galicia reunirán un total de 253 atletas

*Un total de 20 asociacións de toda Galiza desprazarán ata Santiago 253 atletas e 68 adestradores*

**Santiago, mércores 16 de setembro de 2009 ; Special Olympics Galicia**, asociación dedicada á promoción das persoas con discapacidade a través do Deporte e do Ocio, organiza un ano máis os **XII Xogos Autonómicos de Atletismo** sendo Santiago a cidade elexida este ano para acoller a que será a décimo segunda edición. **Special Olympics Galicia** contou para a organización destes Xogos coa colaboración de **Fademga Feaps Galicia** e da **Asociación ASPAS** de Santiago.

A décimo segunda edición deste Campionato de Atletismo terá lugar este **sábado 19 de setembro** nas instalacións de Atletismo do Campus Universitario do Campus sur da cidade compostelana**.** Ao igual que todas as actividades deportivas organizadas por Special Olympics Galicia o Campionato de Atletismo conta con distintos niveis de participación para que todos os deportistas poidan participar en igualdade de condicións. Existirán tres niveis: nivel I (alto), nivel II (medio) e nivel III (básico).

A celebración deste Campionato segue o cerimonial das celebración das Olimpíadas. Os deportistas das **20 asociacións** participantes desfilarán ante os presentes. Posteriormente un deportistas da Asociación ASPAS lerá o lema dos deportistas de Special Olympics "***Quero gañar, máis se non o consigo, deixádeme ser valente no intento***". Unha vez finalizado o desfile procederase á inauguración oficial dos Xogos, arredor das **10.45 horas**, a cargo dun representante da corporación municipal santiaguesa, que estará acompañado polo Presidente de Special Olympics Galicia, **D. Eladio Fernández Pérez**; do presidente de ASPAS, **D. Marcelo de la Cruz Luzón**; ademais de integrantes da **corporación municipa**l, da xunta directiva da Asociación ASPAS, das Xuntas Directivas de **Fademga Feaps Galicia** e **Special Olympics Galicia.**

A partir das **19.15 horas** será o acto de clausura do Campionato, así como a entrega dos trofeos e das medallas aos participantes. O Campionato de Atletismo de Santiago de Compostela reunirá na capital galega a un total de **391 persoas** entre atletas, adestradores, voluntarios e integrantes da organización.

As asociacións de toda Galicia que participan son un total de **20 asociacións** das cales un total de **6 proveñen da provincia de Lugo, 5 de Pontevedra, 6 de A Coruña e 3 de Ourense**. Os atletas que participan da provincia de A Coruña son un total **61 deportistas** que veñen de localidades como A Coruña, Cee, Santiago, Cedeira e Ribeira. A asociación anfitriona, **ASPAS,** participa con **8 atletas.**

www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16







www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16
Special Olympics Galicia

# XII CAMPIONATO AUTONÓMICO DE ATLETISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2009

## PRESENTACIÓN

A Décimo segunda edición do **CAMPIONATO DE ATLETISMO** que Special Olympics Galicia celebra este ano en SANTIAGO DE COMPOSTELA está organizada por **Special Olympics Galicia** coa colaboración de **Fademga Feaps Galicia** e da **asociación ASPAS de Santiago**.

**O CAMPIONATO DE ATLETISMO** celebrarase este **sábado 19 de setembro** nas instalacións de atletismo do Campus Universitario Sur de Santiago, dende **as 10.45 horas ata as 19.15** horas. Un total de **20 asociacións** de toda Galiza participarán nos Campionatos reuníndose arredor de **300 deportistas** que competirán nas distintas categorías establecidas segundo o nivel acreditado.

**A inauguración oficial** do Campionato terá lugar ás **10.45 horas da mañá** nas instalacións deportivas da man dun representante do goberno local que estará respaldado polo Presidente de Special Olympics Galicia, **D. Eladio Fernández Pérez**; do presidente de ASPAS, **D. Marcelo de la Cruz Luzón**; ademais de integrantes da **corporación municipal**, da xunta directiva da Asociación ASPAS, das Xuntas Directivas de **Fademga Feaps Galicia** e **Special Olympics Galicia. A clausura do evento** serán arredor das 19.15 horas.

## HORARIO

**10.30 horas –** **Chegada das Asociacións** Participantes ás instalacións deportivas do Campus Sur.

**10.45 horas –** **Inauguración dos DÉCIMO SEGUNDOS XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS GALICIA Santiago 2009** coa presenza de representantes do Concello, de Special Olympics Galicia, ASPAS, Fademga Feaps Galicia. Instalacións Deportivas do Campus Sur.

**12.00 horas –** **Inicio** das competicións. **Instalacións deportivas.**

**19.15 horas –** **Clausura** do evento**.**

## COMPETICIÓN

**OS DÉCIMO SEGUNDOS XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS GALICIA** segue as liñas básicas de competición de todos os eventos deportivos organizados por Special

www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16


Olympics, nos que se establecen **distintos niveis de competición** en función dos coñecementos que os deportistas con discapacidade intelectual teñen das regras de competición e tamén en función das súas capacidades físicas.

Neste senso establécense **tres NIVEIS de competición**, Nivel I (alto), Nivel II (intermedio), Nivel III (básico) e tamén haberá **PROBAS ADAPTADAS** para os deportistas con discapacidade intelectual con necesidades extensas e xeralizadas que consisten en realizar **PROBAS ADAPTADAS** ás súas capacidades seguindo a filosofía de Special Olympics Galicia de aportar e adaptar todos os medios necesarios para as persoas con discapacidade intelectual poidan practicar deporte. Special Olympics Galicia traballa para que sexa o deporte o que se adapte aos deportistas e non ao revés.

**As PROBAS** nas que participarán os deportistas irán en función do nivel que acrediten (Nivel I, II ou III):

- Os deportistas que aporten **Nivel I e Nivel II** competirán nas carreiras de:
  - Velocidade (60,80 e 100 metros)
  - Medio fondo (200 e 400 metros)
  - Fondo (800 e 1.500 metros)
  - Relevo (4x60, 4x80, 4x100)
- Os deportistas que aporten **Nivel I e Nivel II** competirán nos concursos:
  - Salto de lonxitude
  - Salto de altura
  - Lanzamento de peso: masculino (250 gr, 2 kg, 3 kg e 4 kg) e feminino (250 gr, 2 kg e 3 kg)
- Os deportistas que aporten **Nivel III** competirán nas carreiras:
  - 25 metros marcha asistida
  - 25 metros marcha
  - 25 metros carreira
  - 50 metros marcha
  - 50 metros cadeira de rodas
  - 60 metros asistida verbalmente polo monitor
- Os deportistas que aporten **Nivel III** competirán nos concursos:
  - Salto de lonxitude sen carreira
  - Lanzamento de pelota-softball

www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16

# DATOS NUMÉRICOS

**OS DÉCIMO SEGUNDOS XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS GALICIA** reúnen a un total de **20 asociacións** de persoas con discapacidade intectual de toda Galiza. As entidades proveñen dun total de **17 localidades** distintas das **catro provincias galegas.**

**O número de atletas** que competirán nos Xogos ascende a **253**, que estarán acompañados por **68 adestradores.** A celebración da competición tamén contará cun total de **60 voluntarios e integrantes da organización** co que os XOGOS AUTONÓMICOS DE ATLETISMO reunirá a **un total de 391 persoas** en Santiago o sábado 19 de setembro (Ver cadros que se adxuntan ao final do dossier).

Analizando a **participación por PROVINCIAS**:

| PROVINCIA | ASOCIACIÓNS | ATLETAS | ADESTRADORES |
|---|---|---|---|
| **A CORUÑA** | 6 | 61 | 15 |
| **LUGO** | 6 | 102 | 29 |
| **OURENSE** | 3 | 41 | 10 |
| **PONTEVEDRA** | 5 | 49 | 14 |
| **TOTAL** | **20** | **253** | **68** |

**As entidades** que participan **DA PROVINCIA DE A CORUÑA** son as seguintes:

| ASOCIACIÓN | LOCALIDADE | ATLETAS | ADESTRADORES | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **ASPAS** | SANTIAGO | 8 | 2 | 10 |
| **APADER** | CEDEIRA | 17 | 4 | 21 |
| **AMICOS** | RIBEIRA | 15 | 2 | 17 |
| **N.S. ROSARIO** | A CORUÑA | 5 | 2 | 7 |
| **APACESCO** | BETANZOS | 9 | 3 | 12 |
| **ASPADEX** | CEE | 7 | 2 | 9 |

www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TOTAL** | **61** | **15** | **76** |

Os datos **DA PROVINCIA DE OURENSE** son os seguintes:

| ASOCIACIÓN | LOCALIDADE | ATLETAS | ADESTRADORES | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **AS BURGAS** | OURENSE | 14 | 4 | 18 |
| **ASPANAS** | OURENSE | 15 | 4 | 19 |
| **ASFAVAL** | O BARCO | 12 | 2 | 14 |
| **TOTAL** | | **41** | **10** | **51** |

Os datos de participación **DA PROVINCIA DA LUGO** son os seguintes:

| ASOCIACIÓN | LOCALIDADE | ATLETAS | ADESTRADORES | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **ASPANANE** | VIVEIRO | 8 | 3 | 11 |
| **PRODEME** | MONFORTE | 36 | 8 | 44 |
| **CAPD SARRIA** | SARRIA | 15 | 8 | 23 |
| **SAN PABLO-SAN LÁZARO** | MONDOÑEDO | 18 | 3 | 21 |
| **FUN. EU SON** | BURELA | 12 | 2 | 14 |
| **ASPNAIS** | LUGO | 13 | 5 | 18 |
| **TOTAL** | | **102** | **29** | **131** |

Os datos de participación da **PRONVINCIA DE PONTEVEDRA** son os seguintes:

| ASOCIACIÓN | LOCALIDADE | ATLETAS | ADESTRADORES | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **ASPAVI** | VIGO | 7 | 2 | 9 |
| **ACEESCA** | PORRIÑO | 9 | 3 | 12 |
| **CAPD REDONDELA** | REDONDELA | 6 | 3 | 9 |
| **CON ELES** | VILAGARCÍA | 18 | 4 | 22 |
| **RACING CHAPELA** | CHAPELA | 9 | 2 | 11 |
| **TOTAL** | | **49** | **14** | **63** |

www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16

# CADRO DE PARTICIPACIÓN

| Nº | ENTIDADE | LOCALIDADE | ATLETAS | ADEST, | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | **ASPAS** | SANTIAGO | 8 | 2 | 10 |
| 2 | **APADER** | CEDEIRA | 17 | 4 | 21 |
| 3 | **AMICOS** | RIBEIRA | 15 | 2 | 17 |
| 4 | **N.S. ROSARIO** | A CORUÑA | 5 | 2 | 7 |
| 5 | **APACESCO** | BETANZOS | 9 | 3 | 12 |
| 6 | **ASPADEX** | CEE | 7 | 2 | 9 |
| 7 | **AS BURGAS** | OURENSE | 14 | 4 | 18 |
| 8 | **ASPANAS** | OURENSE | 15 | 4 | 19 |
| 9 | **ASFAVAL** | O BARCO | 12 | 2 | 14 |
| 10 | **ASPANANE** | VIVEIRO | 8 | 3 | 11 |
| 11 | **PRODEME** | MONFORTE | 36 | 8 | 44 |
| 12 | **CAPD SARRIA** | SARRIA | 15 | 8 | 23 |
| 13 | **SAN PABLO SAN LÁZARO** | MONDOÑEDO | 18 | 3 | 21 |
| 14 | **FUN. EU SON** | BURELA | 12 | 2 | 14 |
| 15 | **ASPNAIS** | LUGO | 13 | 5 | 18 |
| 16 | **ASPAVI** | VIGO | 7 | 2 | 9 |
| 17 | **ACEESCA** | PORRIÑO | 9 | 3 | 12 |
| 18 | **CAPD REDONDELA** | REDONDELA | 6 | 3 | 9 |
| 19 | **CON ELES** | VILAGARCÍA | 18 | 4 | 22 |
| 20 | **RACING CHAPELA** | CHAPELA | 9 | 2 | 11 |
| **TOTAIS** | | | **253** | **68** | **321** |

www.specialolympicsgalicia.org
asociacion@specialolympicsgalicia.org
Tlf. 981 51 98 15 Fax. 981 51 98 16

| | |
|---|---|
| VOLUNTARIOS | 40 |
| PRO.CIVIL+CRUZ VERMELLA+POL.LOCAL+ETC | 10 |
| ORGANIZACIÓN+AUTORIDADES | 20 |
| TOTAL DE PARTICIPANTES | 391 |